

CTO. GALEGO DE NATACIÓN INFANTIL – JÚNIOR DE VERÁN

XUNTA DE GALICIA

Tempada 2026/27. Circular 26-23.

1. Organización, data e sede

1. Celebrarase a nivel autonómico en 3 xornadas, 5 sesións e en piscina de 50 metros.
2. As datas e lugar de celebración serán as establecidas no calendario de natación.
3. As sesións de mañá comezarán ás 9:30 horas e as da tarde ás 17:00 horas. A hora de inicio poderá ser modificada en función das inscricións finais a criterio da Comisión Técnica.
4. A piscina deberá estar a disposición dos equipos participantes 120 minutos antes do comezo de cada sesión e 30 minutos despois da súa finalización, así como o día anterior ao campionato en horario de tarde e previa solicitude dos clubs interesados ao club organizador. Os nadadores teñen dereito a quentar até 15 minutos antes do comezo da sesión.

2. Programa de probas

	Xornada 2 – Sesión 2	Xornada 3 – Sesión 4
	11. 100 m Bolboreta Feminino 12. 100 m Bolboreta Masculino 13. 200 m Costas Feminino 14. 200 m Costas Masculino 15. 800 m Libre Feminino 16. 400 m Libre Masculino 17. 200 m Braza Feminino 18. 200 m Braza Masculino 19. 4x100 m Libre Fem. Infantil 20. 4x200 m Libre Mas. Infantil	31. 800 m Libre Masculino 32. 50 m Costas Feminino 33. 50 m Costas Masculino 34. 100 m Braza Feminino 35. 100 m Braza Masculino 36. 100 m Libre Feminino 37. 4x200 m Libre Mas. Júnior 38. 4x200m Libre Fem. Júnior
Xornada 1 – Sesión 1	Xornada 2 – Sesión 3	Xornada 3 – Sesión 5
1. 400 m Libre Feminino 2. 1500 m Libre Masculino 3. 50 m Libre Feminino 4. 50 m Libre Masculino 5. 200 m Estilos Feminino 6. 200 m Estilos Masculino 7. 50 m Braza Feminino 8. 50 m Braza Masculino 9. 4x200 m Libre Fem. Infantil 10. 4x100 m Libre Mas. Infantil	21. 100 m Costas Masculino 22. 100 m Costas Feminino 23. 200 m Bolboreta Masculino 24. 200 m Bolboreta Feminino 25. 100 m Libre Masculino 26. 200 m Libre Feminino 27. 400 m Estilos Masculino 28. 400 m Estilos Feminino 29. 4x100 m Libre Mas. Júnior 30. 4x 200 m Libre Fem. Júnior	39. 200 m Libre Masculino 40. 1500 m Libre Feminino 41. 50 m Bolboreta Masculino 42. 50 m Bolboreta Feminino 43. 4x100 m Estilos Mas. Infantil 44. 4x100 m Estilos Fem. Infantil 45. 4x100 m Estilos Mas. Júnior 46. 4x100 m Estilos Fem. Júnior

3. Participación

1. Este regulamento está destinado ás seguintes categorías:
 - a) Categoría infantil:
 1. Masculino. Nacidos nos anos 2012 e 2013.
 2. Feminino. Nacidas nos anos 2012 e 2013.
 - b) Categoría Júnior:
 1. Masculino. Nacidos nos anos 2009, 2010 e 2011.
 2. Feminino. Nacidos nos anos 2009, 2010 e 2011.
2. A participación está aberta a todos os nadadores das categorías sinaladas neste regulamento e que teñan acreditada a marca mínima.
3. Cada nadador poderá participar nun máximo de 4 probas individuais e todas as remudas.
4. Os nadadores con discapacidade funcional e/ou visuais só poderán participar nas probas indicadas no anexo I
5. Non hai limitación no número de nadadores por club e proba.
6. Cada club poderá inscribir un único equipo de remudas por proba e categoría sempre que teña acreditada a marca mínima sumando os tempos de 4 nadadores en probas individuais.
7. O nadador que non se presente a unha proba para a que estea inscrito poderá participar noutras na mesma sesión cunha penalización económica.
8. Admitiranse baixas e composicións de remudas até 60 minutos antes do inicio de cada sesión.

4. Inscripcións

1. Realizaranse a través da plataforma de inscrición e remitirase á Federación por correo electrónico (inscripciones@fegan.org) o rexistro de inscrición que o propio programa xera. Xunto co dito rexistro, enviarase no mesmo correo electrónico o xustificante do pagamento da inscrición.
2. A inscrición para o campionato deberá ser recibida pola FEGAN 12 días antes do comezo da competición, sendo responsabilidade do club que se inscriba a súa recepción pola FEGAN. Publicarase unha inscrición provisional que poderá ser modificada mediante unha penalización económica. Non se admitirán inscricións nin modificacións unha vez que as listas definitivas sexan publicadas.
3. Os nadadores que participen só en remudas deberán inscribirse na proba extra que se creará nas inscricións do campionato para tal efecto (normalmente 25 libre mixto).
4. Os nadadores con discapacidade inscribiranse na proba de 25 metros libre mixto segundo o anexo II deste regulamento, indicando nun correo electrónico as probas e a categoría.

5. Fórmula de competición

1. Todas as probas realizaranse contra o reloxo separando as categorías infantil e júnior, excepto nas probas de 400, 800 e 1500 metros que se nadarán de forma conxunta.

2. Os criterios de puntuación serán os seguintes:

- a) Para puntuar nas diferentes categorías será necesario referendar a marca mínima da proba.
- b) Nas probas individuais só puntuarán os 2 primeiros clasificados de cada club.
- c) A puntuación nas probas individuais serán: 19, 16, 14, 13, 12, 11, 10, 9, 8, 7, 6, 5, 4, 3, 2, 1.
- d) A puntuación nas probas de remudas será: 38, 32, 28, 26, 24, 22, 20, 18, 16, 14, 12, 10, 8, 6, 4, 2.

3. Os récords batidos ou igualados na competición individual, independentemente do posto, terán a puntuación extra que se indica a continuación:

- a) Mellor Marca Galega en idade infantil: 3 puntos.
- b) Mellor Marca Galega en idade júnior: 3 puntos
- c) Mellor Marca Nacional en idade infantil: 6 puntos.
- d) Mellor Marca Nacional en idade júnior: 6 puntos.

4. Estas puntuacións extra non se acumulan entre si na mesma proba, prevalecendo sempre a de maior puntuación.

6. Clasificacións

1. Faranse as seguintes clasificacións:

- a) Categoría Infantil
 - 1. Clasificación masculina. Suma de puntos acadados nas probas masculinas.
 - 2. Clasificación feminina. Suma de puntos acadados nas probas femininas.
 - 3. Clasificación total. Suma de puntos da clasificación masculina e feminina. O club que obteña maior puntuación proclamarase Campión Galego Infantil de Verán.
- b) Categoría Júnior
 - 1. Clasificación masculina. Suma de puntos acadados nas probas masculinas.
 - 2. Clasificación feminina. Suma de puntos acadados nas probas femininas.
 - 3. Clasificación total. Suma de puntos da clasificación masculina e feminina. O club que obteña maior puntuación proclamarase Campión Galego Júnior de Verán.

7. Títulos e premios

1. Entregaranse medallas aos 3 primeiros clasificados de cada proba por idade e sexo en categoría infantil. En categoría júnior será da seguinte maneira:

- a) Nacidos e nadas nos anos 2009 e 2010.
- b) Nacidos e nadas no ano 2011.

2. Medalla para os 3 primeiros clasificados nas categorías de discapacidade funcional e/ou visual segundo os criterios recollidos no regulamento do Comité Internacional de Natación Paralímpica (IPC Swimming). (Pódese descargar o regulamento na sección de circulares da FEGAN)

3. Trofeos para os clubs campións en cada unha das clasificacións sinaladas neste regulamento (Punto 6).

8. Marcas Mínimas

1. Serán as sinaladas na circular de marcas mínimas desta tempada para as categorías referidas a este campionato.
2. Teranse en conta as marcas obtidas entre o 1 de xaneiro de 2026 ata o 6 de xuño de 2027.

9. Anexo I

As probas e categorías nas que poden participar nadadores con discapacidade funcional e/ou visual son:

50L	100L	200L	50E	100E	50B	100B	50M	100M	200S
S1-S13	S1-S13	S2-S13	S1-S13	S1-S13	S2-S9 S11-S13	S2-S9 S11-S13	S3-S13	S5-S13	S3-S13

10. Anexo II

1. A inscrición dos nadadores con discapacidade deberá enviarse acompañada da FICHA DE VALORACIÓN FUNCIONAL na que se determine a clase na que se clasifican para cada estilo.

O custo da avaliación correrá a cargo do deportista.

Para facilitar a avaliación, aconséllase levar os informes de lesións, se están dispoñibles.

2. As marcas de inscrición deberán terse obtidas en competicións oficiais, ben no calendario FEDDF ou FEGAN.

3. Tanto no Campionato Galego como nas demais competicións da FEGAN nas que participen, serán aplicadas polos Xuíces e Árbitros da competición as recomendacións contempladas no Manual de Árbitros de Natación (CNA) no apartado No 18 Nadadores con Discapacidade.

4. No momento de tramitar a licenza de deportista, hai que sinalar que se trata dun nadador con discapacidade.

A Coruña, setembro 2026.